



8.30 da noite
Descuberta da praça do
Auditorio Municipal
Hernán Naval Parapar

9.00 da noite
Concerto Día da Patria



RIBADEO 2006

DÍA DA PATRIA

MARTES 25 DE XULLO

EXCMO.
CONCELLO DE RIBADEO
CONSELLARÍA DE CULTURA



Asociación Amadores da Música

Banda Sinfónica
Municipal de
Ribadeo

CONCERTO DA PATRIA GALEGA

Andrés Gaos foi violinista, compositor, director de orquestra e pedagogo musical. Entre as súas obras más destacadas atópanse a Sinfonía nº2 "Nas Montañas de Galicia" ou Rosa de Abril así como ducias de concertos para violín solista e varias pezas para grupos de corda. Unha mañá de marzo de 1959 finaba no Bos Aires que o acollera como emigrante. A poucos anos de cumprirse o medio século do seu pasamento tanto a súa obra musical coma pedagólica fican ainda sen un recoñecemento público en Galicia, país que está presente en todos e cada un dos traballos que levan o seu nome e ao que adicou cantos premios recibiu ao longo da súa carreira.

Hernán Naval garda un certo parecido con Andrés Gaos. Ademais de sentir fonda admiración polo compositor coruñés, Naval foi trompetista, compositor, director da Banda Municipal de Ribadeo (BMR) e pedagogo musical, além de conferenciante, articulista, dramaturgo e promotor de ducias de iniciativas culturais, tanto no seu Viveiro natal coma no Ribadeo que lle deu acubillo durante anos. Unha das súas obras, Lonxe do Mar, vai soar esta noite no Auditorio Municipal "Hernán Naval Parapar" de Ribadeo e outra delas, Port – Bou Sarajevo, está recollida no primeiro CD da BMR. Mar por Medio ou II Nome Della Rosa son pezas tamén asinadas por Hernán xunto con centos de arranxos de pezas diversas que leva feito tanto para a banda que criou como para a Escola que pariu. Até fai quince días a figura de Hernán Naval e todo o seu legado ficaban orfos dunha homenaxe pública na vila de Ribadeo que fose más aló do carácter efímero das palabras. Cinco anos despois da súa morte, no Día da Patria Galega de 2006, Ribadeo cumpre unha das súas obrigas coa persoa de Hernán Naval en sinal de agradecemento póstumo por todo canto fixo musical e educativamente ao longo dos seus anos de traballo na vila ribadense. O que está chamado a converterse nun dos epicentros culturais da comarca, o Auditorio Municipal de Ribadeo, vai levar dende hoxe o nome de "Hernán Naval". A outra obriga que ainda ten Ribadeo coa persoa e co traballo de Hernán e manter vivo o seu espírito

no tempo, tanto a través da Escola Municipal de Música e Danza (EMMeD) de Ribadeo coma da banda, consolidando dous proxectos educativos e musicais de referencia non só na comarca senón en todo o país.

Recoñecendo a laboura de Hernán axudamos tamén a manter viva a obra do seu benquerido Andrés Gaos con quen a bo seguro comparte nalgures a batuta do coro de voces ao que un día deu forma Castelao na súa Alba de Glória. Tan só, grazas.

"Miña avoa cambiaría de opinión se hoxe poidese estar aquí..." (Hernán Naval o día 08/01/99)

S.López, trompeta da Banda Municipal de Ribadeo

PROGRAMA

Ponteareas R. Soutullo

A little concert suite Alfred Reed

I Intrata

II Siciliana

III Scherzo

IV Gigue

Festa paesana Jacob de Haan

Lonxe do mar Hernán Naval

Don't cry for me Argentina Andrew L. Webber

Abba Gold Ron Sebregts

Let's make music Jan Ceulemans

Director: Lourenço Cruz